

SESIÓN ORDINARIA DE 26 DE DICIEMBRE DE 2008

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día vinteseis de decembro de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D^a Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 5 DE NOVIEMBRE DE 2008.

Ponse de manifesto ós membros da Corporación o acta da sesión plenaria celebrada o día 5 de novembro de 2008, cuxa copia se remitiu aos Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

2.- MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN DE CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL RELACIONADOS COA XESTIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.

Ponse de manifesto o proxecto de modificación do Regulamento que a continuación se transcribe:

“PROYECTO DE REGLAMENTO DE CREACIÓN DEL FICHEROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL RELACIONADOS CON LA GESTIÓN DEL PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES

La Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, establece una serie de medidas de obligado cumplimiento para “garantizar y proteger en lo que concierne al tratamiento de los datos personales, las libertades públicas y los derechos fundamentales de las personas físicas y, especialmente, de su honor e identidad personal y familiar”.

El Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en tanto gestor del fichero creado como consecuencia del cumplimiento de sus funciones legalmente encomendadas de formación del Padrón Municipal de Habitantes, pretende con la presente disposición adaptar su gestión al nuevo marco legal protector del derecho fundamental de la intimidad.

En virtud de lo expuesto, se dispone:

Artículo 1. Se crea el fichero de datos de carácter personal “Padrón Municipal de Habitantes del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”, que se regula en el anexo de la presente disposición, en los términos y condiciones fijados en el artículo 54 del Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre.

Art. 32 Las medidas de seguridad para la protección de datos personales contenidos en el fichero que se crea serán las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.

ANEXO I

Fichero “Padrón Municipal de Habitantes del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”

1. Órgano responsable del fichero: Alcaldía del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.
2. Unidad ante la que pueden ejercitar los derechos de acceso, rectificación y cancelación, por parte del afectado: Secretaría del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.
3. Denominación y descripción del fichero:
 - a) Denominación: “Padrón Municipal de Habitantes del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”.
 - b) Descripción: registro de población del municipio, documento básico para efectos administrativos y prueba de residencia.
4. Tipos de datos de carácter personal que se incluirá:
 - a) De carácter identificativo:
 - Nombre y apellidos.
 - Documento nacional de identidad/pasaporte o documento oficial análogo para los ciudadanos extranjeros.
 - Domicilio habitual.
 - Teléfono.
 - b) De características personales:
 - Fecha de nacimiento.
 - Lugar de nacimiento.
 - Sexo.
 - Nacionalidad.
 - c) Académicos y profesionales:
 - Formación, titulaciones.

5. Descripción detallada de la finalidad y usos previstos: registro de población del municipio. Documento básico para efectos administrativos y prueba de residencia. Explotación estadística.

6. Personas sobre las que se pretende obtener datos: personas residentes en el municipio.

7. Procedencia y procedimiento de recogida de datos: los datos son facilitados por el propio interesado o su representante legal, comunicados por registros públicos y Administraciones Públicas.

8. Órganos o entidades destinatarias de las cesiones previstas:

Cualquier administración u organismo público que acredite necesitarlo en el ejercicio de las competencias propias en los términos previstos en el artículo 16 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Régimen Local.

9. Nivel y medidas de seguridad: nivel básico. Las medidas correspondientes a este nivel son las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.”

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario informa que a razón de ser de tal modificación non é outra que a de refundir nun único ficheiro, os ficheiros automatizado e non automatizado, xa que a lexislación vixente o permite.

Sométese a votación a aprobación inicial do regulamento.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3-. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MUNICIPALIZACIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá conta do contido do informe da comisión especial de elaboración da memoria económica, socila, xurídica e técnica, segundo a cal se propón determinar como forma de prestación do servizo a xestión directa sen órgano especial de administración, así como o regulamento que a continuación se transcribe:

“REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE OUTEIRO DE REI

CAPÍTULO I: OBJETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1.-Objeto

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas de funcionamento e os aspectos de réxime interno da Escola Infantil Municipal (EIM), así como o procedemento de adxudicación de prazas, tanto no relativo ás solicitudes de novo ingreso, renovación de prazas e cobertura de vacantes que se poidan producir, así como as baixas, vacacións, horario e financiamento do servizo.

ARTIGO 2.-Ambito de aplicación

Constitúe o ámbito de aplicación do presente regulamento a Escola Infantil Municipal do Concello de Outeiro de Rei que se configura como un equipamento diurno e de servizos á comunidade de carácter socio-educativo dirixido á poboación infantil de 0 a 3 anos.

ARTIGO 3.-Función

A EIM cumpre unha función eminentemente social e educativa, proporcionándolle ós/ás usuarios/as unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social ou económica, mediante un programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos/as nenos/as.

A EIM cooperará cos pais, tutores ou representantes legais co fin de facilita-la conciliación da vida familiar e laboral e conseguirla mellor integración entre o centro e as familias.

ARTIGO 4.-Obxectivos

Son obxectivos específicos da EIM os seguintes:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas dos/as nenos/as.
- Facilita-la conciliación entre a vida familiar e laboral.
- Facilita-lo desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio.
- Respetar-la singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Posibilita-la integración progresiva dos/as nenos/as na cultura do seu medio.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e actividades diarias.
- Facilita-la adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
- Facilita-la integración dos/as nenos/as con necesidades educativas especiais.

Estes obxectivos deberán ser desenvolvidos nun proxecto educativo que elaborará a EIM.

CAPÍTULO II: PROCEDEMENTO DE INGRESO

ARTIGO 5

A idade mínima de ingreso queda establecida nos 3 meses, salvo situacións especiais, logo do informe dos servizos sociais municipais.

Os/as nenos/as poderán ser usuarios do servizo ata o momento da incorporación á educación infantil. No momento do seu ingreso, abriráselles un expediente persoal, no que constarán cun carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e

teléfonos para avisos en caso de urxencia, así como tantas circunstancias aconsellen unha atención individualizada.

ARTIGO 6.-Beneficiarios/as

1. Con carácter xeral darase preferencia ás solicitudes pertencentes a unidades familiares con residencia real e efectiva no Concello de Outeiro de Rei.

2. Tamén poderán acceder os servizos da escola infantil municipal os/as fillos/as de persoas, que estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo neste municipio, acreditandoo mediante certificado de empresa.

3. De ter a escola municipal infantil postos vacantes poderán atenderse solicitudes de usuarios/as doutros concellos non comprendidos nos apartados anteriores.

ARTIGO 7.-Integración de nenos/as con minusvalías

Poderán integrarse nenos/as con minusvalidez física, psíquica e sensorial. O seu ingreso será de acordo coa lexislación vixente e estará supeditado a existencia de condicións infraestructurais idóneas e de persoal axeitado e suficiente no cadro de persoal do centro. En ningún caso poderá haber máis dun neno ou dunha nena de integración por aula. Para os efectos de ratio estas prazas contabilizaráanse coma dúas.

ARTIGO 8.-Solicitudes de ingreso

O procedemento para a concesión de prazas iniciárase coa presentación das solicitudes por parte dos pais, tutores ou representantes legais dos/as nenos/as, segundo os modelos normalizados recollidos neste regulamento: Anexo I (novo ingreso), Anexo II (reserva de praza).

O prazo abrangerá dende o día 1 de marzo ata o día 15 de maio de cada ano. Non obstante, o primeiro ano de funcionamento non será de aplicación dito prazo. No suposto de que rematado o prazo de presentación de solicitudes quedasen prazas vacantes, e con posterioridade xurdisen interesados en beneficiarse do servizo, ditas prazas serán adxudicadas por orde de presentación da solicitude.

Os impresos de solicitude presentaranse no rexistro xeral do Concello, en horario de oficina.

ARTIGO 9.-Solicitudes de novo ingreso

As solicitudes de novo ingreso, que se facilitarán no departamento de Servizos Sociais ou na páxina web do concello, presentaranse no rexistro xeral do Concello.

Estas solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

1) Documentación xustificativa da situación familiar:

a) Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte do pai, nai, titor ou representante legal.

b) Libro de Familia e Título de Familia Numerosa, de ser o caso.

c) Certificado de empadramento e informe de convivencia real e efectiva realizado polo policía local do Concello.

2) Documentación xustificativa de ingresos:

a) Declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado a declarar, certificación expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

3) Documentación xustificativa da situación laboral:

a) Última nómina, certificación de empresa ou certificación de ser demandante de emprego.

4) Outros documentos acreditativos de todas aquelas situacións que, por baremo, sexan susceptibles de puntuación:

a) Certificado de minusvalidez alegada polos membros da unidade familiar.

b) Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outra afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.

c) Informe do equipo de valoración e orientación das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, servizos especializados de atención temperá da administración autonómica, ou órganos competentes na materia na administración do estado ou nas correspondentes comunidades autónomas, sobre a necesidade de integración no caso de nenos/as con discapacidades.

d) Documentación acreditativa de incidencias tales como separación do cónxuxe, abandono do fogar, maltrato, etc.

e) Informe dos Servizos Sociais do concello correspondente, no suposto de que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou por situacións especiais en que viva a unidade familiar.

5) Documentación complementaria:

a) Tarxeta sanitaria

b) Certificado médico do neno ou nena.

c) Carné de vacinación actualizado.

d) Dúas fotografías tamaño carné.

e) Impreso de domiciliación bancaria.

f) Autorización por escrito das persoas que poden recoller ólá neno/a.

g) Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias municipais.

ARTIGO 10.-Solicitudes de reserva de praza

Os pais, titores ou representantes legais de nenos/as xa matriculados/as neste centro que desexen renovar praza, presentarán a solicitude de reserva de praza (Anexo II) na que deberán figurar os ingresos económicos actualizados. As variacións alegadas neste anexo serán debidamente xustificadas.

Non poderá renovar praza o solicitante que, no momento de formaliza-la súa solicitude, manteña algunha mensuralidade impagada de calquera curso.

ARTIGO 11.-Emenda

No caso de que as solicitudes de novo ingreso e de reserva de praza non reúnan os requisitos establecidos no presente regulamento, o Concello, consonte ó artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime jurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, requerirá a persoa interesada para que, nun prazo de 10 días, emende os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución en tal sentido.

ARTIGO 12.-Comisión de baremación

1. Aplicaráselles a tódalas solicitudes recibidas un procedemento de valoración para o que se constituirá no Concello de Outeiro de Rei unha Comisión de Baremación, selección e seguimento coa seguinte composición:

Presidente/a: o/a alcalde/sa do Concello, ou concelleiro/a en quen delegue.

Secretario/a: o da corporación ou funcionario/a en que delegue.

Vocais:

- o/a director/a da Escola Infantil Municipal

- un/ha representante dos pais dos/as nenos/as

- un/ha representante do departamento de Servizos Sociais

- O Concelleiro de Servizos Sociais.

Os acordos tomaráanse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, o/a presidente/a.

Non obstante, o primeiro ano de funcionamento non formará parte da comisión un representante dos pais dos nenos/as.

2. O Alcalde do Concello ou a dirección do Centro (por delegación de aquél), convocará os pais a unha reunión, que se celebrará anualmente antes de remata-lo prazo de solicitudes de reserva de praza, co fin de proceder á elección mediante votación e por maioría simple, do seu/súa representante na Comisión de Baremación, selección e seguimento.

Corresponde a esta Comisión:

- Velar polo cumprimento do procedemento de ingreso e pola aplicación do baremo no proceso de admisión

- Propoñer ó alcalde as solicitudes de ingreso

- Proposta de altas e baixas na EIM

- Aprobar o proxecto educativo do centro, proposto polo/a director/a

- Aprobar a programación anual do centro

- Estudio e resolución dos conflitos de réxime interno

- Aplicación do presente Regulamento

Con carácter xeral, o estudio, elaboración, aprobación e aplicación de calquera regulamento, norma, etc...precisos para o bo funcionamento da EIM.

ARTIGO 13.-Baremo de admisión

A selección das solicitudes efectuaráse en función da puntuación acadada segundo establecido no Anexo III deste regulamento, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade aos veciños empadroados no concello, en segundo lugar, a renda per cápita máis baixa, e, trala aplicación deste criterio, terán preferencia as solicitudes con servizo de comedor.

So no caso de non cobertura do total das prazas por xornada completa poderanse adjudicar prazas ás solicitudes relativas a media xornada, fixándose o prezo de media xornada establecido na Ordenanza Fiscal da Escola Infantil Municipal, debéndose respetar, en todo caso, o número de prazas por aula.

Entenderase como unidade familiar para este efecto, o conxunto de persoas unidas por vínculos de matrimonio ou parentesco, ou as unidades de convivencia cando constitúan núcleos estables de vida en común. Asemade, terán ésta condición as familias monoparentais.

ARTIGO 14.-Relación provisional de admitidos

A Comisión, unha vez realizada a baremación, efectuará a proposta de selección, e publicará a relación provisional de admitidos/as e a lista de espera, coa puntuación obtida. Correspóndelle tamén á devandita Comisión a fixación da contía que hai que aboar.

Esta relación poderáse consultar na páxina web do Concello (www.outeiroderei.org).

ARTIGO 15.-Reclamacións

Os/as solicitantes poderán efectua-las reclamacións que estimen oportunas no rexistro xeral do Concello no prazo de 10 días contados a partir do día seguinte da data de publicación da relación provisional de admitidos/as.

Estas reclamacións entenderánse resoltas coa publicación das listas definitivas e poderánse consultar na páxina web do Concello (www.outeiroderei.org).

ARTIGO 16.-Relación definitiva de admitidos/as e lista de espera

1. Unha vez estudias pola comisión tódalas reclamacións presentadas procederáse á publicación da relación definitiva de admitidos/as e lista de espera coa puntuación obtida en cada caso.

2. Os/as solicitantes admitidos/as recibirán notificación por escrito da resolución na que se fará constar a contía que deben aboar.

ARTIGO 17.-Matriculación de alumnos/as

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan, en todo caso a matriculación realizarase do 1 ó 15 de xuño na Escola Infantil, con excepción do primeiro ano de funcionamento.

2. Se finalizado o período de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

ARTIGO 18.-Adxudicación de vacantes durante o curso escolar

1. As prazas que sen causa xustificada, non se atopen cubertas ós 15 días de iniciado o curso escolar, consideraranse como vacantes.

2. No suposto de que se produzan vacantes e se atope esgotada a lista de espera, iniciarase o procedemento para a elaboración da nova lista de espera.

3. Durante o curso escolar poderá solicitarse o ingreso no centro, sempre que existan prazas libres.

ARTIGO 19.-Baixas

Causarase baixa na Escola de Educación Infantil Municipal por algunha das circunstancias seguintes:

1. Por incumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia na Escola Municipal Infantil.

2. Por solicitude dos pais, titores ou representantes legais.

3. Po-la falta de pagamento da contía establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ó que se refira a débeda.

4. Por comprobación de falsidade dos documentos ou datos aportados.

5. Por incompatibilidade e inadaptación absoluta para permanecer no centro.

6. Por falta de asistencia continuada durante 15 días sen causa xustificada.

7. Por incumprimento reiterado das normas da Escola de Educación Infantil.

As baixas por incompatibilidade ou inadaptación serán resoltas pola Alcaldía a proposta da Comisión. En todo caso nesta resolución garantirase a integración das persoas con algunha minusvalía, e os dereitos que lles reconece a legislación de sorte que o padecemento dalgunha destas nunca poderá ser motivo de baixa.

As baixas producidas ó longo do curso escolar por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranse coas solicitudes que quedasen na lista de espera, en cada grupo de idade por rigorosa orde de puntuación.

ARTIGO 20.-Solicitudes fora de prazo

As solicitudes que, por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, non se presentasen nos prazos fixados nesta convocatoria, serán tramitadas e baremadas pola comisión para a súa inclusión na lista de espera, segundo a puntuación obtida.

ARTIGO 21.-Tarifas

As tarifas son as establecidas no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención a primeira infancia. O seu pagamento será mensual e deberase aboar nos 10 primeiros días de cada mes mediante domiciliación bancaria.

A tarifa da matrícula aboarase xunto coa documentación a presentar polos pais no prazo de 15 días a partires da notificación de admisión.

Tódolos/alas usuarios/as aboarán once mensualidades por curso. Non se aboará a tarifa correspondente ó mes de vacacións anuais do/a neno/a. As vacacións poderán ser dun mes enteiro ou repartidas de quince en quince días. Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, no se aboará a tarifa correspondente a ese período.

A non asistencia do/a usuario/a durante un período determinado non supón ningunha redución nin exención da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente. Neste caso, o suxeito estará exento de abonar a cota mensual dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia no centro. Nestes casos a solicitude de exención da tarifa, durante o período que corresponda xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberán presentarse ante o presidente da comisión de seguimento.

Revisión da tarifa: durante o curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas ou familiares. Neste sentido, o/a beneficiario/a queda obrigado a comunicar calquera variación que se produza ó respecto e dende a Administración podera ser citado en calquera momento para proceder á revisión da tarifa.

O contrato administrativo de servizos que eventualmente se poida perfeccionar para a xestión do servizo, poderá conlevar a realización das actuacións encamiñadas ao cobro das taxas, así coma a súa conbranza a conta do prezo do contrato.

CAPÍTULO III: ORGANIZACIÓN INTERNA

ARTIGO 22.-Relación de servizos

A EIM de Outeiro de Rei como servizo público municipal prestará os servizos de educación infantil de primeiro ciclo e comedor.

ARTIGO 23.-Horario do centro

O Concello de Outeiro de Rei publicará anualmente na súa páxina WEB o calendario do curso seguinte, así como o horario de apertura do centro, que deberá recollerse no plan do centro e no proxecto educativo. Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche deberán figurar no taboleiro de anuncios da EIM. Estes poderán ser variados por razón de adecuación ás necesidades dos/as usuarios/as, a matrícula de venos/as e ós recursos dispoñibles.

ARTIGO 24.-Horario de permanencia dos/as nenos/as

O horario máximo de permanencia dos/as nenos/as na EIM será con carácter xeral de oito horas diarias, agás causas excepcionais e convenientemente xustificadas, que valorará o/a director/a da EIM máis o equipo técnico dos Servizos Sociais, que elevarán proposta razoada para Resolución de autorización, de Alcaldía ou Concellería Delegada na que se indicará a ampliación do devandito horario.

ARTIGO 25.-Horario de entrada e saída dos/as nenos/as

O horario de entrada e saída dos/as nenos/as na EIM débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo alteración nas actividades dos demais nenos/as e do normal funcionamento do centro. Non obstante, unha vez acordados coa EIM os horarios de entrada e saída dos/as nenos/as, as familias procurarán respetalos. En caso de atrasos inxustificadas e reiterados, a dirección da EIM está obrigada a adoptar as medidas oportunas poñéndoo en coñecemento da Comisión de seguimento, con proposta razoada das medidas correctoras que haxa que adoptar para a súa aprobación.

Ó remate da xornada os/as nenos/as serán entregados os seus pais, tutores ou representantes legais. Nos casos nos que estes autoricen á dirección da EIM para entrega-lo/a neno/a a outra persoa, ésta deberá estar debidamente identificada.

ARTIGO 26.-Réxime de saídas

Os/as nenos/as poderán realizar as saídas establecidas na programación do curso, previa autorización por escrito por parte dos pais, tutores ou representantes legais.

Estas saídas teñen como obxecto:

- Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo.
- Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais.
- Observar e explorar o entorno inmediato cunha actividade de curiosidade. - Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu entorno.

ARTIGO 27.-Comedor

Coa finalidade de facer efectiva a conciliación da vida familiar e laboral dos pais, tutores e representantes legais dos/as nenos/as, a EIM poderá dispoñer dun servizo de comedor.

O servizo de comedor garantirá a alimentación dos/as usuarios/as da EIM e conterà almorzo, xantar e merenda, así como as tomas de biberóns coa frecuencia adaptada a cada idade.

O menú de cada xornada estará exposto no taboleiro de anuncios da EIM cunha semana de antelación.

Os horarios do comedor serán fixados pola Alcaldía e expostos no taboleiro de anuncios da EIM.

O almorzo e merenda, así como as tomas de biberóns deberán ser aportadas polos pais dos nenos beneficiarios.

ARTIGO 28.-Relación cos pais, tutores ou representantes legais

Trala consulta co equipo técnico da EIM a dirección poñerá en coñecemento dos pais, tutores ou representantes legais de cada neno/a información sobre a súa evolución integral que terá carácter trimestral.

Os pais, tutores ou representantes legais dos/as nenos/as poderán solicitar reunión co/a tutor/a do seu/súa fallo/a ou coa dirección de conformidade co horario establecido para tal fin, sempre e cando non dificulte a boa marcha da EIM.

Co fin de garanti-la necesaria cooperación cos pais, tutores ou representantes legais dos/as nenos/as, realizaranse dúas reunións xerais e de grupo, segundo a natureza dos temas que se vaian a tratar. As devanditas reunións celebraránse nas dependencias da EIM, Togo da convocatoria por escrito.

A periodicidade das reunións será a seguinte:

- Dúas reunións xerais, coincidindo co inicio e co remate do curso.
- Dúas reunións de grupo para realizar unha en cada semestre.

En todo caso, a dirección da EIM informará por escrito ó principio do curso dos horarios de atención ós pais, titores ou representantes legais dos nenos/as.

ARTIGO 29.-Reclamacións

A EIM terá un libro de reclamacións á disposición dos/as usuarios/as. A dirección do centro poñerá en coñecemento do/a Alcalde/sa do Concello de Outeiro de Rei o contido das reclamacións no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte a súa presentación, agás nos casos en que se requira unha comunicación inmediata.

CAPITULO IV.-NORMAS DE SAÚDE, HIXIENE E NUTRICIÓN

ARTIGO 30

1. Os/as nenos/as deberán acudir á EIM en correctas condicións de saúde e hixiene.

2. Non serán admitidos na EIM os/as nenos/as que padezan enfermidades infectocontaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos pais, titores ou representantes legais á dirección do centro que, a súa vez, o poñerá de inmediato en coñecemento do Concello de Outeiro de Rei.

3. No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos/as nenos/as na propia EIM, informárase á dirección desta, e avisáranse os seus pais, titores ou representantes legais, co fin de evita-la propagación da enfermidade entre os/as demais nenos/as. O reingresso na EIM só será posible logo de transcorrido o período de contaxio e tralo informe médico que acredite tal circunstancia.

4. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido na EIM, despois das primeiras atencións "in situ" e, á maior brevidade posible, poñeráse a devandita circunstancia en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais do/a neno/a e, se é o caso, garantirase que o/a neno/a reciba a atención médica axeitada.

5. Cando se produza a falta de asistencia á EIM por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais, titores ou representantes legais deberán comunica-lo á dirección da EIM.

6. Nos casos nos que se deban administrar medicinas ós/ás nenos/as, deberán ir acompañados da receita médica, actualizada é data do tratamento na que constará o nome do/a neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada así mesmo da autorización por escrito dos pais/nais, titores ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.

7. É obriga dos pais ou tutores de por en coñecemento formal do centro as medidas de prevención sanitaria peculiares do neno, tales coma as motivadas por alerxias ou similares.

8. Tódolos/alas nenos/as deberán ter unha muda de reposto, cueiros de reposto e un vaso con cepillo de dentes (a partir do ano de idade) debidamente identificado co nome do/a alumno/a.

ARTIGO 31

1. A EIM prestará un especial coidado en atende-los casos nos que o/a neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia.

2. A EIM prestará atención psicopedagóxica en función da dispoñibilidade de recursos.

CAPÍTULO V: PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN

ARTIGO 32

1. A EIM promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos/as nenos/as con necesidades educativas especiais, sempre e cando conte cos recursos materiais e humanos adecuados.

2. Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de valoración e orientación correspondentes, dos Servizos Sociais (ou doutros equipos especializados precisos) sobre o grao de discapacidade e/ou a súa necesidade de integración.

CAPÍTULO VI: ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

ARTIGO 33

A EIM obxecto deste regulamento dispoñerá da seguinte estrutura organizativa:

Órganos políticos:

- O/a alcalde/sa ou concelleiro/a no/a que delegue

Órganos técnicos:

1. Dirección

2. Persoal de atención directa os/as nenos/as

3. Persoal de servizos

O Director do centro será nomeado polo Alcalde da Corporación. No suposto de que para a prestación do servizo se acudira a un contrato administrativo de servizos, e en dito contrato o contratista asuma a obriga contractual de aportar os servizos de dirección, dito nomeamento se efectuará a proposta do contratista.

ARTIGO 34.-Director/a

O/a director/a é o/a responsable do centro así como responsable do seu correcto funcionamento.

Funcións:

- Responsabilizarse da correcta xestión do centro.

- Exercer a xefatura organizativa do persoal adscrito ó centro, ostentando a representación da gardería perante calquera outra entidade pública ou privada.

- Propoñer á comisión de seguimento da EIM o proxecto educativo de centro, que elaborará xunto con persoal de atención directa ós/as nenos/as.

- Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes, regulamento de réxime interno e cantas disposicións emanen dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e do Concello de Outeiro de Rei que lle afecten ao centro.

- Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.

- Elaborar a memoria anual do centro.

- Elaborar, coa colaboración do persoal de atención directa ós/ás nenos/as, o proxecto de regulamento de réxime interno na EIM.

- Elaborar memoria explicativa de gastos e ingresos, así como, a rendición anual de contas.

- Remitir-lles ós órganos da Consellería competente na materia e do concello de Outeiro de Rei cantos informes e datos sexan requeridos relativos ós/ás menores atendidos/as ou a aspectos organizativos e funcionais do centro.
- Autorizar actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento do centro.
- Convocar e presidir reunións, así como executar e facer cumprir os acordos adoptados nas mesmas.

ARTIGO 35.- Persoal de atención directa

O persoal de atención directa a nenos/as será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo, así como as que lle encomende a dirección da EIM.

ARTIGO 36.- Persoal de servizos

O persoal de servizos xerais está integrado polo persoal de cociña/limpeza.

O persoal de cociña e limpeza realizará as funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo así como as que lle sexan encomendadas pola dirección da EIM.

CAPÍTULO VII: DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL

ARTIGO 37.- Dereitos

- Recibir información periódica da marcha e funcionamento do centro, a través do/a director/a responsable do mesmo.
- Presentar propostas que contribúan á mellora-lo funcionamento do centro e atención prestada ós/ás menores.
- Desenvolve-las súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axusten á programación anual do centro.
- A que se lle proporcione, dentro das posibilidades do centro, os instrumntos e medios necesarios para desenvolve-las súas funcións axeitadamente en beneficio dos/as menores atendidos.

ARTIGO 38.- Deberes

- Cumprir e facer cumprir de acordo coas súas funcións o regulamento de réxime interno.
- Velar polo respecto ós dereitos dos/as menores recollidos/as no presente regulamento e aqueloutros recoñecidos na lexislación vixente.
- Gardar estricta confidencialidade sobre os datos persoais dos/as menores ós que teñan acceso en razón das súas funcións.
- O cumprimento das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.

CAPÍTULO VIII: A LINGUA

ARTIGO 39

A lingua utilizada en cada grupo será a lingua materna predominante entre os/as nenos/as que forman parte del e coidarase que adquiran o coñecemento da outra lingua

oficial de Galicia. Atenderase de xeito individualizado a aqueles/as nenos/as do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante. Como norma xeral de funcionamento tratarase de potenciar a lingua galega, que será tamén a do normal funcionamento do centro. Por lingua predominante enténdese o galego.

CAPITULO IX: FOMENTO DA IGUALDADE DOS NENOS E NENAS

ARTIGO 40

A EIM programará actividades para promover a igualdade entre os/as nenos/as e evita-los comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo. As ditas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.

A EIM poñerá especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se utilicen como instrumentos de traballo. Así mesmo vixiará que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias.

A EIM prestará especial atención ó fomento da interculturalidade como instrumento de superación das desigualdades, inxustizas, prexuizos e racismo.

CAPÍTULO X: DEREITOS E DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS

ARTIGO 41.-Dereitos dos/as usuarios/as

Tódolos/as usuarios/as, por si ou a través dos seus representantes legais ostentan os seguintes dereitos:

- A acceder ó centro e recibir asistencia, sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Á consideración no trato debido á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do Centro como dos/as demais usuarios/as.
- Ó sxiilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e socio-familiar.
- A realizar saídas ó exterior, sempre e cando cada menor permaneza acompañado por un adulto responsable do seu entorno familiar, e en todo caso con autorización escrita por parte dos pais ou representantes legais, que especificarán quen serán as persoas encargadas de recoller ó menor para calquera saída do centro. (Non se autorizará a saída do menor con persoas que non estean autorizadas para isto.)
- A un apoio individualizado que favoreza a autonomía persoal e social.
- Á intimidade persoal.
- A quen se facilite o acceso a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- A ser informados/as polo persoal do Centro dos acontecementos vividos polo menor.
- A asociarse co obxecto de favorecer a participación dos pais/nais na programación e no desenvolvemento das actividades do centro.
- A realizar visita das instalacións e entrevista persoal antes de comezar cada curso escolar, e ó longo do curso cando así o soliciten e sempre sen entorpecer o transcurso normal das actividades.

En todo caso, nos conflitos que se produzan entre o concesionario prestador destes servizos e o usuario, ou os seus representantes legais, sempre debe ser posible a intervención decisoria do Concello de Outeiro de Rei, como entidade titular deste servizo público, de conformidade co establecido na lexislación sobre procedemento administrativo.

ARTIGO 42.-Deberes dos usuarios/as

Tódolos/as usuarios/as por si ou a través dos seus representantes legais teñen as seguintes obrigas:

- Cumprir as normas sobre a utilización do centro ou servizo establecidas no regulamento do réxime interior.
- Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- Participar na vida do centro, de acordo co que se dispoña neste regulamento.
- Aboar a contía que lle corresponda a cada usuario/a segundo a Ordenanza Fiscal.

En todo caso, serán de aplicación supletoria e/ou complementaria os dereitos e deberes sinalados na lexislación de Servizos Sociais de Galicia.

CAPÍTULO X: REXIME DE FINANCIAMENTO E COBRAMENTO

ARTIGO 43

En canto ó sistema de financiamento, a E.I.M. financiarase con cargo aos recursos orzamentarios do Concello de Outeiro de Rei, que poderá repercutir o custe do servizo aos beneficiarios mediante taxa ou prezo público.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª.-

Facúltase ó/á Alcalde/sa-Presidente do Concello de Outeiro de Rei a dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento. Baixo a dirección política municipal que resulte da organización político-administrativa do Concello, a actividade ordinaria da E.I.M. de Outeiro de Rei terá como responsables administrativos no Concello:

- O persoal do servizo económico-administrativo do Concello de Outeiro de Rei que se encargará da xestión económico-administrativa, de conformidade coas competencias que lle correspondan ó Concello nun sistema de xestión indirecta por concesión de xestión de servizo público.
- Os técnicos do departamento de Servizos Sociais que se encargarán da supervisión desta natureza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª.-

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª.-

A prestación directa do servizo polo Concello de Outeiro de Rei amparará a perfección de contrato administrativo de servizos.

Neste suposto, as obrigas relativas ao personal da EIM serán de aplicación aos traballadores da empresa adxudicataria.

A empresa adxudicataria terá a condición de xestor dos datos de carácter persoal recabados para xestión do centro.

A empresa adxudicataria deberá suscribir unha políza de responsabilidade civil por unha contía suficiente.

A empresa adxudicataria poderá actuar como recaudador da taxa municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª.-

Para o non previsto neste Regulamento estarase ó disposto na Lei 7/85 de 2 de abril e Regulamentos que a desenvolven, Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Lei 4/93 do 14 de abril de Servizos Sociais e na Lei 3/97 de 9 de xuño Galega da Familia, Infancia e Adolescencia e demais normativas estatales ou autonómicas de protección da familia, infancia e menores.

DISPOSICIÓN FINAL.-

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado íntegramente no BOP e cumprido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, permanecendo vixente namentras non se proceda a súa modificación ou derogación expresa.”

O sr. Alcalde ratifica a intención do seu grupo de apoiar esta forma de prestación do servizo, tralo cal outorga a palabra aos restantes membros da corporación.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta a súa posición favorable a aprobación do expediente, xa que polo menos se poderá por en marcha o servizo, beneficiándose del os veciños do concello.

Agora ben, isto non significa que estén dacordo totalmente co proxecto presentado. Pon como exemplo a comisión de valoración que se recolle no regulamento, que incomprensiblemente non integra aos representantes dos diferentes grupos municipais.

O voceiro do grupo municipal do BNG, pola súa banda, manifesta a disconformidade coa forma de xestión proposta, xa que existen razóns moi fortes para integrarse no Consorcio Galego pola Igualdade e o Benestar, razóns que xa se expuxeron noutros plenos.

O que máis lle abraia ao voceiro do BNG é a posición mantida polo grupo municipal do PSdG-PSOE, que decide apoiar esta forma de xestión e non a avalada pola Xunta de Galicia, así como polo seu partido.

Volta a intervir o sr. Pardo Lombao, asegurando que ten a firme intención de por en marcha a escola infantil cante antes. Ata o día de hoxe non se perdeu o tempo, senón que como o edificio da escola se atopa nunha urbanización, non se podía poñer en marcha mentres dita urbanización estivese rematada.

O grupo municipal do Partido Popular vai a apoiar a proposta, que considera a mellor para os intereses municipais. Frente a ela existe a opción de integrarse no Consorcio, na que a Xunta decide e o único que se lle permite ao Concello é pagar.

Pareceríalle ben que o Consorcio establezca unha escola infantil no Concello, pero si ten a facultade de dirixila que tamén a financie íntegramente. E aínda nesta opción habería moitos aspectos das Galescolas que discutir.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE pretende aclarar que a súa posición se basea non na conformidade absoluta no modelo proposto polo PP, senón pola conveniencia de poñer en marcha o servizo canto antes.

O voceiro do grupo municipal do BNG insiste na conveniencia de integrarse no Consorcio, e cree que esta oposición a integración no Consorcio é un tema personal do sr. Alcalde, xa que moitos concellos do seu partido optaron pola integración.

Considera que a posición do grupo municipal do PSdG-PSOE é equivocada, xa que pretende conseguir algo a calquer prezo, e rexeita facer forza por conseguir o mellor para o concello, perxudicando aos veciños.

O sr. Alcalde afirma que, se ben o voceiro do BNG non dí porqué se perxudican aos veciños, él sabe o que quere dicir con iso, xa que o expuso no seu día a concelleira Dulce Neira. E se quere dicir que a escola infantil non vai a percibir axudas por non integrarse no Consorcio estaría a asegurar que o BNG da e quita axudas non a quen as necesita, senón a quen lles obedece.

No relativo a que é un tema persoal, esta aseveración caese por sí sóla. Únicamente hai que ver que o grupo municipal do PSdG-PSOE vai apoiar esta proposta, e que non hai un nin dous, senón a maioría dos concellos os que non están integrados, e os que o están é porque están coa auga ao cuello, non porque se atopen cómodos con esa forma de xestión.

Agora ben, se mañá se asegura que os concellos van a ter unha participación do 50% no consorcio, mañá mesmo integrárase nel. Pero nas circunstancias actuais, (0 49%) estar no consorcio é pagar e non decidir.

Por iso o Consorcio é perxudicar aos veciños do Concello, non ao Alcalde.

Con respecto as alegacións do grupo municipal do PSdG-PSOE, se houbesen proposto unha forma de xestión máis convinte, se estudaríase e, no seu caso, podería haberse adoptado, pero no se fixo.

O que non permitirá nunca é que se lle impoña unha forma de xestión na que únicamente se lle permita pagar, e non poda xestionar o servizo da forma máis convinte aos intereses dos veciños do Concello.

Rematado o debate sométese a votación a proposta de aprobación inicial do expediente de municipalización, que integra a memoria económica, social, xurídica e técnica así como o regulamento do servizo anteriormente transcrito.

Realizada a votación, resulta aprobada por nove votos a favor e dous votos en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG.

4.- MOCIÓN Nº 3231 PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE expón e defende a moción presentada con data de 23 de decembro de 2008 e número de rexistro de entrada 3231, do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN:

O Consello de Ministros en data 28 de novembro de 2008 aprobou o Real Decreto-Lei 9/2008 polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e apróbanse créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento, engloba todas as medidas económicas, financeiras e fiscais que o Goberno aplicará para recuperar a senda de crecemento e creación de emprego.

É o primeiro plan global destas características que presenta un goberno europeo, e as medidas contempladas no mesmo constitúen un feito histórico sen precedentes no noso país ao supor a maior mobilización de recursos públicos a favor das entidades locais.

Co obxectivo de incrementar a cooperación do Estado cos Concellos e aumentar o investimento público no ámbito local, créase un Fondo de Investimento Municipal dotado con 8.000 millóns de euros para a realización de actuacións urxentes en materia de investimentos especialmente xeradoras de emprego.

A través do Fondo, poderán financiarse obras que deberán encadrarse nalgunha das seguintes actuacións:

- Adecuación, rehabilitación ou mellora de contornos ou espazos públicos urbanos, así como de promoción industrial.*
- Os equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias, de saneamento, alumado e telecomunicacións.*
- As de construción, adecuación, rehabilitación ou mellora de edificios e equipamentos sociais, sanitarios, funerarios, educativos, culturais e deportivos.*
- As dirixidas á protección do medio ambiente e a prevención da contaminación, as de xestión de residuos urbanos, así como as orientadas a impulsar o aforro e a eficiencia enerxética.*

- *As de supresión de barreiras arquitectónicas.*
- *As de conservación do patrimonio municipal e protección e conservación do patrimonio histórico do municipio.*
- *As de construción, adecuación, rehabilitación ou mellora da rede de abastecemento de auga potable a domicilio e tratamento de augas residuais.*
- *As dirixidas a promover a mobilidade sostible urbana e as encamiñadas a mejorar a seguridade viaria.*
- *As de prevención de á incendios.*
- *As destinadas á promoción do turismo.*

Por iso, e coa finalidade de posibilitar que os Concellos poidan beneficiarse e acollerse ao Fondo de Investimento Municipal, o Grupo Municipal Socialista propón o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte :

ACORDO:

1º Adoptar o compromiso de presentar nos prazos previstos e conforme recolle o Real Decreto Lei que regula este Fondo os proxectos destinados á realización de actuacións urxentes en materia de investimentos, especialmente xeradoras de emprego e con maior utilidade social.

2º Con o fin de executar este compromiso daranse prioridade á presentación de proxectos que requiran para a súa execución un maior número de postos de traballo

3º Na adxudicación dos contratos, o Concello valorará como criterio de selección relevante aquelas ofertas que incorporen un número importante de persoal de nova contratación que se atope en situación de desemprego.

4º As obras obxecto destes contratos serán en todo caso obras de nova planificación e de execución inmediata que dean resposta ás demandas de infraestruturas de servizos básicos e dotacións mais necesarias do municipio.

5º Consideraranse prioritarias efectos da presentación destes proxectos, as obras dirixidas á construción, rehabilitación ou mellora de equipamentos sociais, sanitarios, educativos, culturais ou deportivos.

6º O Concello deberá achegar nas súas solicitudes unha memoria explicativa do proxecto de investimento no que se especifique o orzamento do proxecto e, o seu prazo de adxudicación, a previsión de persoas a ocupar na execución do proxecto, un ha certificación de que se trata dunha obra non prevista no orzamento da Entidade para 2009, achegando ademais o Acordo do Pleno ou da Xunta de Goberno do Concello segundo proceda, no que se aprobe o proxecto.

7º Incluir dentro do apartado das inversións as seguintes obras:

a) A eliminación de barreiras arquitectónicas en tódolos centros públicos do Concello. Escolas, e locais sociais etc.

b) A dotación de mobiliario, e chan nos parques proxectados e existentes nas Urbanizacións na parroquia de Guillar e nos da Urbanización da Palloza.

c) A colocación de puntos de auga de consumo público nas parroquias do Concello que a día de hoxe non teñen ese servizo.

d) A realización dunha pista deportiva, nas urbanizacións existentes na parroquia de Guillar.

e) A realización en firme rústico do tramo central en penas de Rodas, así como o acceso a dita zona.

f) A completa sinalización das parroquias e barrios do Concello.

En Outeiro de Rei a 23 de Decembro do 2008 ”

Remata da defensa, intervén o sr. Alcalde, que di que parte da moción é unha transcripción do disposto no Real Decreto-Lei, polo que o Concello vaino cumprir escrupulosamente.

No relativo a que o Concello se comprometa a presentar en prazo os proxectos obvia incidir neste asunto. Por suposto que o vai facer, e por suposto que na súa contratación se atinxirá escrupulosamente a normativa de contratación do sector público.

As obras, lóxicamente, serán de nova presupuestación (xa que o orzamento non está feito).

A orde de prioridade das obras a acometer é máis discutible; así por exemplo, os equipamentos sanitarios e educativos non son de competencia municipal, así que non será en éstos campos onde deben investir prioritariamente os Concellos.

Por outra banda, os proxectos das obras a acometer están sendo redactados neste intre, e cumpriran tódolos requisitos legais esixibles.

Con respecto ao Real Decreto-Lei, se ben toda financiación local é benvida, tanto polo trato financeiro que se lle dá aos concellos neste país como pola situación económica que atravesamos, debería darse un prazo maior de planificación, xa que ,en moitos casos a inversión a realizar excede da inversión de todo un ano.

Podería facerse en dous tramos a presentación de proxectos ou en prazos máis amplos, xa que estas inversións esixen unha planificación madurada.

Por outra banda, o criterio de reparto non é xusto, e debería integrar outras variantes, como a dispersión poboacional ou a porcentaxe de desemprego.

No tocante as inversións propostas na moción, alega que, por exemplo, non é procedente a dotación de mobiliario nas urbanizacións, xa que ésta obriga corre por conta do promotor, e os cartos públicos non teñen que financiar os custes de urbanización dun promotor particular.

A proposta de supresión de barreiras arquitectónicas se está a facer gradualmente, e esta obra, así coma a de colocación de puntos de auga, teñen unha entidade que non precisan deste fondo para a súa execución gradual.

No relativo a pista deportiva de Guillar, o sr. Alcalde asegura que unha vez que estén rematadas as urbanizacións se realizará polo Concello algún tipo de instalación deportiva, e non porque o diga esta moción, senón porque xa o tiña en mente.

O mesmo asegura da realización dun firme rústico de acceso a Penas de Rodas, xa que xa se atopa actualmente en pavimento rústico. Se o que se pretende é cambiar o actual firme deberían poñerse dacordo tódalas partes e, tras iso, se lle daría conta a Consellería de Medio Rural, que non rematou no seu momento as obras, para que as remate deste xeito.

A sinalización das parroquias do Concello non se mete no Plan porque é un proxecto complexo que non se pode levar a cabo nos exiguos prazos que concede o Real Decreto-Lei, se ben asegura que se vai facer na presente lexislatura.

Por istos motivos anuncia que non se vai apoiar a moción, se ben lle asegura que os aspectos legais do Real Decreto-Lei se van a cumprir escrupulosamente.

O voceiro do PSdG-PSOE mantén a moción porque as obras propostas son de interese para a totalidade da veciñanza.

Don Miguel Ángel López Varela dí que cando se trata de recibir cartos a algúns énchense a boca da palabra colaboración, pero cando se trata de gastalos se esquece de dita palabra.

Destaca que as obras que se propoñen na moción non abarca a totalidade da inversión concedida ao Concello, co gallo de que cada grupo municipal poida sacar a diante as súas propias propostas.

O voceiro do BNG asegura que o modelo plantexado polo Real Decreto-Lei non é moi axeitado e que plantexa unhas expectativas que non se van a cumprir nin remotamente.

Agora ben, unha vez posto en marcha, debemos acollernos a él, para o que presentan as súas propias propostas. No que respecta as propostas presentadas polo PSOE, unhas son mellores que outras, pero en tanto eles elaboraron as súas propias propostas, non apoiarán as do PSdG-PSOE.

O sr. Pardo resposta ao sr. López Varela que unha cousa é a colaboración entre institucións e outra moi distinta e a colaboración entre partidos. O PSdG-PSOE pretende decidir obras sen estar no Goberno, e iso non é colaboración entre institucións.

Na intervención anterior expuso o porqué non se aceptaron as propostas do PSOE; ben porque se trata de competencias doutras administracións, ben porque pretenden executar o que a lei lle obriga ao promotor inmobiliario ou porque día de hoxe non se reunen as circunstancias precisas: como é o caso da pista deportiva en Guillar.

Insiste en que cando se rematen as urbanizacións se farán instalacións deportivas, xa que alí vive moita xente e o precisan, pero a día de hoxe non están rematadas as urbanizacións, polo que neste intre non é prioritario.

A sinalización esixe unha planificación laboriosa, que non permite o Real Decreto-Lei, xa que existen moitísimos puntos a sinalizar que non se poden decidir e localizar de un día para outro.

É por iso polo que non se está dacordo coa moción, non porque non se esté dacordo con algunhas propostas de inversión, que se consideran convenientes e se farán, pero en outro marco temporal e financeiro.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG.

5.- MOCIÓN Nº 3232 PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O voceiro do grupo municipal do BNG expón e defende a moción presentada con data de 23 de decembro de 2008 e número de rexistro de entrada 3232, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN RELATIVA ÁS OBRAS A INCLUIR NO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL

O Goberno do Estado vén de aprobar un fondo adscrito ao Ministerio de Administracións Públicas (MAP) de 8.000 millóns de euros, que se vai repartir proporcionalmente entre todos os concellos do Estado en función da súa poboación. Non ten en conta, por tanto, criterios de dispersión e avellentamento, nin sequera, tendo en conta o obxectivo anunciado do plan, a taxa de desemprego por concello.

Segundo o decreto, as obras financiáveis van desde a adecuación, rehabilitación ou mellora de espazos públicos urbanos, a promoción industrial, equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias, de saneamento; a construción, adecuación, rehabilitación ou mellora de edificios e equipamentos sociais, culturais e deportivos, até a construción, adecuación, rehabilitación ou mellora da rede de abastecemento de auga potable e tratamento de augas residuais. Serán en todo caso, obras que non estivesen xa incluídas no orzamento municipal do 2009 e de execución inmediata.

O BNG cre que debe ser o pleno da Corporación Municipal que formule esa proposta de obras e que se debe aproveitar o financiamento derivado deste plan para pñer en marcha actuacións que permitan asentarse e mellorar os servizos públicos, desenvolver obras e actuacións para apoiar os nosos sectores económicos básicos e estender e ampliar a rede de servizos sociais, como mellor arma de cubrir as necesidades dos que máis o necesitan en épocas de crise como a que vivimos.

Polo exposto, o BNG somete a consideración do pleno os seguintes acordos:

A inclusión dentro da proposta do noso Concello para o denominado Fondo Estatal de Investimento Local destinado a financiar investimentos en proxectos e obras municipais de nova planificación e de execución inmediata das seguintes obras:

- Acondicionamento e asfaltado de: (1) Camiño Felpás – Areeira Matela, (2) Dúas pistas Vilar – San Lourenzo (polo Campos de fútbol), (3) Pista Riasco – San Clodio.

- Limpeza das beiras dos ríos Miño (dende Taboi a Parada), Narla e Ladra, en ámbolos dúas marxes dentro do termo do concello.

- Sinalización de elementos patrimoniais e caneiros.

- Lousado do chan no tramo de acceso á área de Penas de Rodas.

- Equipamento da liña de telefonía de Mosteiro e San Clodio.

Outeiro de Rei, 22 de decembro de 2.008

Asdo.: Arcadio Lombao Román. Concelleiro –Portavoz do GM do BNG.=. Asdo.: Dulce Neira Fraga. Concelleira do GM do BNG.”

Remata a defensa, toma a palabra o sr. Alcalde, e asegura que o feito de que se opoñan a moción non significa que non estén dacordo con algunha das propostas contidas nela, o que sucede e que a moción é un todo, e ou se acepta na súa integridade ou non se pode aceptar, xa que non é serio aprobar propostas que logo non se van a cumprir.

Abráíase de que os membros do Goberno da Xunta de Galicia non se poñan dacordo sobor a resolución do concurso eólico e os representantes destes mesmos partidos pretendan que o equipo de Goberno do Concello asuma as propostas de inversión presentadas polos partidos da oposición.

A continuación examina as propostas presentadas polo BNG nos seguintes termos:

Respecto das pistas que se nomean na moción, alega que ditas pistas non dan acceso a vivenda algunha, e que si dán acceso a algunha vivenda esas vivendas xa teñen acceso pavimentado por outro camiño. Polo tanto non son obras prioritarias, con independencia de que poidan ser máis ou menos convintes.

Quizabes as pistas máis xustificables sexan a pista ao campo de fútbol, polo seu uso semanal e a pista a Riasco-San Clodio, cuxa inclusión no plan estamos batallando en función do creto disponible.

A limpeza das beiras dos ríos é unha competencia do organismo de cuenca: a confederación hidrográfica e a consellería de medioambiente. Polo tanto deben facelo estes organismos, e facelo ben, non coma a vez anterior que, as poucas polas que cortaron as deixaron tiradas nas fincas dos veciños ou no mesmo sendeiro.

A sinalización de elementos patrimoniais esperemos que se introduza no plan de sinalización que se vai facer polo Concello dentro de esta legislatura.

O lousado do acceso a Penas de Rodas xa se propuxo polo grupo do PSOE, e débese responder o mesmo, unha vez que se poñan dacordo as agrupacións afectadas se proporá a Consellería de Medio Rural que remate as obras. Agora non imos a poñer un pavimento en lousa cando non sabemos se os ecologistas dirán unha cousa e os da asociación de Penas de Rodas a contraria.

Outro aspecto reseñable da moción é a proposta de que o concello asuma os custes de unha liña telefónica. Esta proposta descoñece a obriga das compañías suministradoras de afrontar as inversións necesarias para garantir un servizo universal. E corresponde a Consellería de Industria vixilar o seu cumprimento.

O sr. Arcadio asegura que esta moción pretende por en valor as obras que relacione, para que se teñan en conta a hora de confeccionar os proxectos. Agora ben, da a impresión de que o Alcalde vai a actuar unilateralmente sen dar participación aos restantes grupos municipais.

No relativo a incompetencia dos concellos para facer obras de telecomunicacións, senón poden facelas non se explica porqué se relacionan no Real Decreto-Lei. Por outra banda, as competencias en materia de telecomunicacións as que fai referencia as ten o Estado Español, non a Consellería.

Parécelle que o normal sería consensuar as obras coa oposición.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, pregunta ao voceiro do BNG se as obras que propón representan unha porcentaxe da inversión total ou se están cuantificadas.

O voceiro do BNG respóstalle que non, que únicamente se trata de obras que se consideran necesarias pero que non están cuantificadas economicamente xa que a intención crear un marco de proposta e diálogo aberto.

O sr. Alcalde anuncia que as obras as vai a decidir a Xunta de Goberno, xa que e a súa obriga e o seu traballo, tendo en conta as peticións dos veciños, o que o equipo de

Goberno coñece, a situación do concello e as propostas que vostedes presentan neste Pleno e que son razoables e coincidan coas prioridades do equipo de Goberno.

No relativo as expectativas do Plan, non cree que este plan arranxe o tema do emprego. Xa veremos se o plan e capaz de frear a destrución de emprego, pero lamentablemente cree que non será así.

Agora ben, non poden pretender impoñer obras ao equipo de Goberno cando tampouco permiten que o Partido Popular decida obras a executar pola Xunta de Galicia. Nin tan sequera se poñen de acordo co outro partido no Goberno na concesión eólica.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada por seis votos en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, dous votos a favor pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG e tres abstencións pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE.

6.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR

O voceiro do grupo municipal do PP expón e defende a moción presentada con data de 23 de decembro de 2008 e número de rexistro de entrada 3235, do seguinte teor literal:

“D. José Pardo Lombao, Portavoz del Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en nombre y representación del mismo y al amparo de lo establecido en los artículos 91.4 y 97.3 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales de 1986, por razones de urgencia, eleva al Pleno de la Corporación para su debate la siguiente

MOCIÓN

El chequeo médico de la Política Agraria Común (PAC) es una propuesta presentada en mayo por la Comisión Europea, para revisar la orientación de la política agraria comunitaria cuya prioridad ya no es la gestión de excedentes agrarios sino asegurar el suministro alimentario.

Se hace necesario pues corregir los excesivos incentivos al abandono de la actividad agraria que han provocado una situación de escasez de alimentos que se extiende a nivel mundial y que le confiere al sector agroalimentario un alto valor estratégico.

Ante el chequeo medico presentado por la Comisión Europea, el Congreso de los Diputados aprobó el pasado mes de junio, a propuesta del Presidente del Grupo Parlamentario Popular, la creación de una Subcomisión para definir la posición

específica de España ante la PAC y reforzar la posición negociadora del Gobierno español en Bruselas, que obtuvo el respaldo parlamentario más amplio posible.

La propuesta fue aceptada por el Presidente del Gobierno y respaldada por el resto de los Grupos parlamentarios. La Subcomisión empezó sus trabajos en septiembre con la comparecencia de las organizaciones profesionales agrarias y entidades representativas del sector y ha presentado sus conclusiones el 13 de Noviembre, justo una semana antes de que la Comisión Europea adoptara los acuerdos para revisar los mecanismos de funcionamiento de la PAC.

Sin embargo, las conclusiones aprobadas por la Subcomisión suponen la aceptación del aumento de la Modulación por encima de los niveles actuales del 5% al 10% en 2012 y del aumento lineal de la cuota de producción láctea propuesto por la UE para el conjunto comunitario, sin tener en cuenta la situación de países deficitarios como España.

Así, en un momento en que la UE tiene que revisar la orientación de la PAC para asegurar el suministro agroalimentario, resulta contradictorio tener que aumentar la Modulación que es un recorte de rentas para productores agrarios, lo que desincentivará todavía más la producción.

A su vez, el aumento lineal de la cuota de producción láctea igual para todos, elevará la producción excedentaria de países que tienen cubiertas sus necesidades y no aliviará la situación de los países deficitarios, como es el caso de España que tiene que importar alrededor de tres millones de toneladas anuales, lo que viene a representar aproximadamente el 50% de nuestra cuota de producción láctea.

Considerando las consecuencias negativas para el sector agrario español en general, y muy en particular para el Gallego, que tendrán estas propuestas, el Grupo Municipal Popular somete a la consideración del Pleno la aprobación de los siguientes acuerdos:

PRIMERO.- El Ayuntamiento de Outeiro de Rei manifiesta su total oposición a cualquier aumento de la Modulación respecto a los niveles actuales del 5%.

SEGUNDO.- Insta al Gobierno para que acepte el aumento de la cuota de producción láctea propuesto por la UE para el conjunto comunitario, siempre que sea asimétrico, para que no se vean perjudicados los intereses de países deficitarios como España.

TERCERO.- Dar traslado de estos acuerdos a los Portavoces Parlamentarios en el Congreso, así como a la Ministra de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino.

En Outeiro de Rei, a 22 de diciembre de 2008.

EL PORTAVOZ DEL GRUPO POPULAR

Fdo.: José Pardo Lombao,”

Engade o sr. Pardo Lombao que o peso do sector gandeiro neste concello é importante, a pesares da diversificación da economía que se está a experimentar. E que a situación do sector é moi mala, con prezos de produción elevadísimos e moi baixos prezos de venda do produto.

Parécelle inexplicable que a países coma Francia, Alemania ou Holanda, cuxa produción rebasa con moito o seu consumo, se lle incrementa a cuota na mesma proporción que España cuxa produción non cubre a demanda nacional.

Son estas as razóns de traer a moción ao presente Pleno.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE califica a moción como extemporánea, xa que o Plan se aprobou no mes de novembro, polo que agora xa non ten sentido.

Pregúntalle ao sr. Alcalde se sabe que o 90% dos gandeiros de Galicia está comprendido no tramo de perceptores de axudas de 0 a 5000 euros. Co novo plan, o sector leiteiro entra dentro do segundo pilar da PAC, co que además das axudas de 0 a 5000 euros, poderán percibir as axudas propias do segundo pilar. Isto é moi convinte para os intereses dos nosos gandeiros.

E se o que quere é beneficiar os intereses dos gandeiros galegos, o que ten que apoiar e que se aumente a franquicia dos 5000 euros. Se así presentan a moción o grupo do PSdG-PSOE a apoiaría.

Ao sr. Arcadio parécelle ben que se preocupen polo agro galego. O grupo do BNG o ven facendo dende fai anos. Tamén lle sorprende que estas mocións se presenten agora, e non nos tempos nos que gobernaba o PP.

Pregúntalle ao sr. Pardo Lombao cál sería para él a porcentaxe adecuada de incremento. Cree que se debe concretar máis as propostas contidas na moción. Con datos concretos poden presentalo perfectamente no Parlamento de Galicia que contarán co seu apoio, pero con datos concretos.

O sr. Pardo Lombao respóstalle que esta moción responde a unha situación moi concreta.

España ingresou na CE cunha cuota nacional de cinco millóns de tm, cando o seu consumo interno era moi superior. De feito, algúns países coma Francia, Alemania ou Holanda tiñan unha produción que superaba o dobre do seu consumo.

Posteriormente entrou no Goberno o PP, e logrou o único incremento da cuota lactea: 600.000 tm.

Aquí non temos a necesidade de ser moi concretos, xa que nin no concello nin no Parlamento de Galicia se poden tomar decisións. O que temos que facer é trasladar as nosas inquietudes e preocupacións para que se defendan os nosos intereses.

Namentres, o Goberno de España segue a tomar decisións que nos perxudica. E por iso propoñemos que nos incrementen as cuotas, porque non é xusta a distribución da cuota entre os diferentes países.

Pero ese incremento non pode ser lineal para tódolos países, senón que terá que atender a situación de déficit de algúns deles, como España. Non ten sentido que se lle incremente na mesma porcentaxe a Francia que a España, porque entón Francia será máis excedentaria e España igualmente deficitaria.

O sr. Arcadio pensa que no fondo tódos estamos de acordo, agora ben, este tema debe plantexarse no Parlamento de Galicia e con datos e propostas concretas.

É un exemplo do compromiso do BNG con este tema o número de iniciativas que ten presentado tanto no Parlamento coma no Concello ao longo de todos estes anos.

Insiste en que as solucións deben consensuarse e afondarse no problema.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE insiste en que apoian toda proposta que mellore as condicións do agro galego, agora ben, opoñerse ao incremento do 5% da modulación e tirar pedras contra o noso propio tellado. A proposta do PP beneficia a Andalucía, onde existen maior número de explotacións perceptoras de axudas, pero non a Galicia.

O sr. Pardo Lombao asegura que o voceiro do PSdG pretende desenvolver a moción en termos técnicos co fin de camuflar o problema que se pretende traer a este Pleno, pero o problema existente, as súas causas e as posibles solucións son as que plantei na defensa da moción.

E recorda que os temas técnicos non deben abordarse neste foro, que unicamente ten por obxecto denunciar a grave situación do sector e solicitar que se corrixa. E o xeito de correxila é conseguindo unha maior cuota lactea para España.

Lamentablemente, no momento en que xurdiu a ocasión de correxir un pouco esta situación, estamos a ser gobernados polo mesmo partido que gobernaba cando se xenerou o problema coa integración na CE.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada por seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco abstencións pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG e do grupo municipal do PSdG-PSOE.

7- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS.

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 24 de decembro de 2008, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce M. Neira Fraga, como concelleiros integrantes do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Señor Alcalde, nunha reunión mantida cos veciños residentes na Urbanización O Salete III no mes de xaneiro de 2008, comprometeuse a “recibir” esta urbanización nun prazo breve, en concreto entre marzo e abril deste mesmo ano (2008).

PREGUNTAS:

- 1. Dende o punto de vista legal, cal é o estado actual desta Urbanización?*
- 2. Transcorrido un prazo máis que prudencial, por qué a día de hoxe o Concello inda non recibiu esta Urbanización?”*

O sr. Alcalde resposta nos seguintes términos:

É certo que nunha reunión cos veciños do Salete lles dixo que lle parecía que nun prazo breve recibirían as obras, pero a día de hoxe o promotor non aportou a documentación debida polo que o Concello non se puido facer cargo.

Agora ben, as obras están rematadas e os veciños xa dispón, a día de hoxe, de tódolos servizos. O que sucede e que a lexislación esixe que o promotor presente unha determinada documentación que non presentou ata o momento. O día que a presente a urbanización se recibirá sen máis problemas.

Insiste o sr. Alcalde que as obras de urbanización están rematadas e que os veciños dispoñen de tódolos servizos.

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 24 de decembro de 2008, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS ó Equipo de Goberno, con relación ó punto 7º da Orde do Día do Pleno da data:

- 1.- Respecto as obras realizadas na plaza do Concello, pode explicar que destino vai ter a fonte que estaba ubicada alí?*
- 2.- ¿Pode o Sr. Alcalde explicar, que proxectos pretende realizar cos cartos recibidos do Goberno da Nación sobre o plan Español para o estímulo da economía e o emprego?.*

*En Outeiro de Rei a 24 de decembro de 2.008
Asdo.: Miguel Angel López Varela”*

O sr. Alcalde resposta nos seguintes términos:

A fonte está gardada, e cando xurda unha obra susceptible de albergar unha fonte de estas características se colocará.

A segunda pregunta está contestada na moción. Reitera que as obras a incluír están a ser decididas en función do orzamento disponible.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as quince horas, e da que eu, Secretario, estendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

O Secretario

Vº e Praxe, O Alcalde.